



MARCOS: MECANISMO AGRARIO DE REESTRUTURACIÓN COMUNITARIA DA SUPERFICIE

IVÁN DÍAZ LÓPEZ

O nome do modelo, MARCOS, é un nome simbólico en referencia a esas pedras que se poñían antigamente (e non tan antigamente) para establecer as delimitacións das parcelas; e ao mesmo tempo, MARCOS, forma un acrónimo que resume e define ao proxecto: Mecanismo Agrario de Reestruturación Comunitaria da Superficie.

Consiste nunha mobilización local e voluntaria de parcelas, de carácter temporal e sen cambio de titularidade, baseada en arrendamentos e intercambios entre propietarios da terra. Na cal, adaptándose ás infraestruturas actuais, realizarase unha agrupación de predios atendendo ao aproveitamento das explotacións gandeiras e non á titularidade da terra.

A posta en marcha e supervisión do modelo farase a través dun organismo xestor do que os propios axentes implicados serán partícipes.

A finalidade é que grazas a esa mobilidade de terras e á recuperación de terreos abandonados e improdutivo, conseguir poñer en funcionamento a máxima superficie posible, de xeito que se aumente e mellore a base territorial das explotacións gandeiras locais; ademais de poñer en valor e proporcionar un fluxo de rendas para os donos das terras polos alugueiros destas.